

ACTA NÚM. 2 DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DE INFRAESTRUTURAS hidráulicas EN A ROLA, SERRES” incluída no POS+adicional 2/2023 da deputación de A Coruña,

Data: 2 de xullo de 2024

Hora de comezo: 10:00 horas

Hora de remate: 12:15 horas

Lugar: Casa do Concello de Muros

Persoas asistentes:

Presidenta: Laura Eiras Rivadeneira (concelleira de Obras e Servizos do Concello de Muros)

Vogais: Mónica Freire Dosil (secretaria do Concello de Muros)

Francisco Abeijón Núñez, (interventor do Concello de Muros)

Secretario da mesa: Jose Manuel Mayo Priegue (funcionario do Concello de Muros), que da fedo acto.

Orde do día

Estudio das valoracións do sobre B

Apertura do sobre C e valoración do mesmo

Acordos.

Primeiro Dar conta das valoracións do sobre B (referencias técnicas) criterios non avaliábles mediante fórmulas e determinación dos licitadores excluídos por non superar o límite mínimo de puntuación da obra, segundo o informe emitido polo arquitecto, director da obra, Pablo Castro Pais o día 20 de xuño de 2024 (Anexo I).

Procedese a lectura do informe técnico que se incorpora a esta acta como anexo I, e a vista da base 15.1 e o anexo IV.A do Prego de cláusulas administrativas particulares, a Mesa de Contratación por unanimidade acorda,

a) Admitir na segunda fase do proceso de licitación aos licitadores coa seguinte puntuación na fase I:

| Empresa | CIF | Programa de Traballo | Control de calidade | Puntuación |
|-----------------------------|-----------|----------------------|---------------------|------------|
| Mantido SL | B15819642 | 12 | 7 | 19 |
| Nemesio Ordoñez SA | A15146608 | 12 | 5,5 | 17,5 |
| Excavaciones Agra Castro SL | B15490527 | 12 | 7 | 19 |

b) Excluír do proceso de licitación a seguinte empresa por non superar a puntuación mínima que se indica no anexo IV dos pregos na fase I (50% dos puntos asignados):

| Empresa | CIF | Programa de Traballo | Control de calidade | Puntuación |
|-------------|-----------|----------------------|---------------------|------------|
| RSC Galicia | B09991712 | 3,6 | 0 | 3,6 |

Segundo. Apertura do sobre C “oferta económica e demais criterios avaliáveis de forma automática” das empresas que superaron a fase I

Procédese á apertura do Sobre C, das empresas que superaron a Fase I, co seguinte resultado,

| Empresa | CIF | Prezo (IVE incl.) | % Persoal fixo | Plan Igualdade |
|-----------------------------|-----------|-------------------|----------------|----------------|
| Mantido SL | B15819642 | 191.931,35€ | 95% | SI |
| Excavaciones Agra Castro SL | B15490527 | 193.250,00€ | 100% | SI |
| Nemesio Ordoñez SA | A15146608 | 196.603,35€ | 87,06% | SI |

Segundo o establecido no Prego, introdúcese no Programa de Deputación Provincial o importe da proposta económica e a puntuación de valoración técnica, resultando que a puntuación resultante de cada licitador é a seguinte,

sede.dacoruna.gal/subtel/valoracion/formula

Espectáculos con Ar... SOLICITUDE CLAVE [REQ 2024-011980]... Sede Electronica del... alta clave pin - Busc... SAVIA SaviaCloud saviacloud - Buscar...


Paso 1 Paso 2 Paso 3 **Paso 4**

Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total [Exportar](#)

Contrato/concurso: MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS HIDRAULICAS EN A ROLA
 Prezo de licitación: 199658,12 €
 Limite oferta temeraria: 190.049,67 €

| Nº | Nome Empresa | Oferta Económica | Baixa (%) | Puntuación Val. técnica | Puntuación Val. económica | Temeraria | Total |
|----|-----------------------------|------------------|-----------|-------------------------|---------------------------|-----------|-------|
| 1 | EXCAVACIONES AGRA CASTRO SL | 193250 | 3,21 | 19,00 | 6,29 | Non | 25,29 |
| 2 | MANTIDO SL | 191931,35 | 3,87 | 19,00 | 7,59 | Non | 26,59 |
| 3 | NEMESIO ORDOÑEZ SL | 196603,35 | 1,53 | 17,5 | 3,00 | Non | 20,50 |

Gráfica de puntuacións económicas



Ningunha das ofertas presentadas polas empresas incorre en oferta temeraria.

A continuación establece a puntuación de cada criterio avaliable establecido nos pregos, clasificando aos licitadores segundo a puntuación final acadada por orde decrecente, sendo esta a seguinte,

| Empresa | CIF | Xuízo de valor | Oferta económica | % persoal fixo | Plan igualade | Total |
|-----------------------------|-----------|----------------|------------------|----------------|---------------|-------|
| Mantido SL | B15819642 | 19 | 7,59 | 11 | 8 | 45,59 |
| Excavaciones Agra Castro SL | B15490527 | 19 | 6,29 | 11 | 8 | 44,29 |
| Nemesio Ordoñez SA | A15146608 | 17,5 | 3,00 | 11 | 8 | 39,50 |

Terceiro.- A vista de todo o anterior, a mesa de contratación da obra, por unanimidade dos seus membros, acorda propor ao órgano de contratación a adxudicación da obra "Mellora das Infraestruturas Hidráulicas en A Rola", a empresa Mantido SL, con CIF B15819642, clasificada en primeiro lugar, por un importe de 191.931,35€ IVE, incluído, por ser a que presenta unha mellor oferta calidade-prezo

Documento asinado dixitalmente polos membros da mesa

O presidente

A secretaria do Concello

O interventor

O secretario da mesa

INFORME DE VALORACION DO SOBRE “B” RESPECTO O PROCESO DE LICITACION DA OBRA “ MELLORA DE INFRAESTRUTURAS HIDRAULICAS DE A ROLA. CONCELLO DE MUROS”

Redáctase o presente informe de valoración dentro do proceso de licitación da obra “Mellora de infraestruturas hidráulicas na Rola. Concello de Muros”, obra promovida polo Concello de Muros.

A licitación da obra preséntase ás seguintes empresas:

- MANTIDO S.L.
- NEMESIO ORDOÑEZ S.A.
- EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L.
- RSC GALICIA S.L.

Dentro do sobre “B”, as empresas presentan os documentos seguintes obxecto de valoración.

- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (con puntuación máxima de 7 puntos e extensión máxima de 10 páxinas).
- PROGRAMA DE TRABAJO (con puntuación máxima de 12 puntos e extensión máxima de 25 páxinas).

Os criterios de valoración fíxanse nas páxinas 43 e 44 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a contratación mediante procedemento aberto simplificado da obra “Mellora de infraestruturas hidráulicas en A Rola. Serres” comprendida no POS+ADICIONAL 2/2023 da Deputación de A Coruña.

Estes criterios adxuntanse ó final deste informe.

A continuación procédese a avaliar a documentación presentada.

EVALUCION DA DOCUMENTACION PRESENTADA

PLAN DE CONTROL DE CALIDADE

Mantido SL (Documento de 10 páxinas)

1. Detállanse de xeito concreto as operacións de control de calidade na recepción dos materiais a empregar na obra. Descrición de empresas subministradoras dos materiais (todas con certificados de calidade).
2. Detállanse de xeito concreto os ensaios de control de calidade das distintas unidades da obra.
3. Detállanse de xeito concreto as operacións de control de calidade das instalacións unha vez rematadas.
4. Redáctase un programa de puntos de inspección (PPI) para as distintas partidas de obra.
5. Aportase o diagrama técnico-administrativo responsable do control de calidade na obra.
6. Na documentación aportada indícase que os ensaios de calidade externos serán realizados pola empresa 3C Calidad y Control. Non se aporta un compromiso de colaboración asinado por dita empresa.

Coa documentación aportada considérase que a oferta presenta un plan de control interno de calidade que presenta unha definición completa con suficiente adaptación á obra.

PUNTUACION: 7 puntos

Nemesio Ordoñez S.A. (Documento de 11 páxinas). Segundo o criterio interpretativo do Concello de Muros, tendo en conta conversas mantidas coa Deputación da Coruña, non se terá en conta a documentación aportada a partir da páxina 10.

1. Non se detalla de xeito concreto as operacións de control de calidade na recepción dos materiais a empregar na obra.
2. Detállanse de xeito concreto os ensaios de control de calidade das distintas unidades da obra.
3. Non se detalla de xeito concreto as operacións de control de calidade das instalacións unha vez rematadas.
4. Redáctase un programa de puntos de inspección (PPI) para as distintas partidas de obra.
5. Aportase o diagrama técnico-administrativo responsable do control de calidade na obra.
6. Na documentación aportada indícase que os ensaios de calidade externos serán realizados pola empresa CYE Control y Estudios.

Coa documentación aportada considérase que a oferta presenta un plan de control interno de calidade que presenta unha definición completa con suficiente adaptación á obra, porén bótase en falta máis concreción e detalle nas operacións de control de calidade na recepción dos materiais e nas obras xa rematadas.

PUNTUACION: 5,50 puntos

Excavacións Agra Castro S.L. (Documento de 10 páxinas)

1. Detállanse de xeito concreto as operacións de control de calidade na recepción dos materiais a empregar na obra.
2. Detállanse de xeito concreto os ensaios de control de calidade das distintas unidades da obra.
3. Detállanse de xeito concreto as operacións de control de calidade das instalacións unha vez rematadas.
4. Redáctase un programa de puntos de inspección (PPI) para as distintas partidas de obra.
5. Aportase o diagrama técnico-administrativo responsable do control de calidade na obra.
6. Na documentación aportada indícase que os ensaios de calidade externos serán realizados pola empresa 3C Calidad y Control S.Coop.Galega, aportando un compromiso de colaboración asinado por dita empresa.

Coa documentación aportada considérase que a oferta presenta un plan de control interno de calidade que presenta unha definición completa con suficiente adaptación á obra.

PUNTUACION: 7 puntos

RSC Galicia S.L._(Documento de 10 páxinas)

1. Non se relacionan dunha maneira pormenorizada os materiais empregados na obra, nin as operacións de control das que deban ser obxeto.
2. Non se detallan de xeito concreto os ensaios de control de calidade das distintas unidades da obra.
3. Non se detalla de xeito concreto as operacións de control de calidade das instalacións unha vez rematadas.
4. Non se establece un programa de puntos de inspección (PPI).
5. Non se aporta o diagrama técnico-administrativo responsable do control de calidade na obra
6. Na documentación aportada indícase que para a presente obra contactarase cun laboratorio externo, sen especificar cal.

Coa documentación aportada considérase que a oferta presenta un plan de control interno de calidade que presenta unha definición parcial con insuficiente adaptación á obra. Trátase dun plan de control de calidade moi xeralizado, que podería valer practicamente para calquera outra obra. Non identifica os materiais a utilizar, nin as distintas operacións a executar na obra.

PUNTUACION: 0 puntos

PROGRAMA DE TRABALLO

Mantido SL (Documento de 24 páxinas)

1. Faise un análise pormenorizado do eido de actuación.
2. Faise un análise pormenorizado dos servizos preexistentes e das posibles afeccións ó territorio..
3. Faise unha descrición técnica axeitada dos traballos a executar.
4. Describese a disposición dos elementos auxiliares de obra.
5. Faise un estudo pormenorizado do tránsito de persoas durante as obras, así como a sinalización correspondente.
6. Xustifícase a calidade dos materiais a empregar.
7. Xustifícanse a coherencia dos diagramas de Gantt e PERT
8. Xustifícanse suficientemente tanto os medios materiais como persoais asignados á obra.
9. Descríbense posibles problemáticas ou desviacións durante a execución.

Coa documentación aportada considérase que a oferta presenta un programa de traballo que presenta unha definición completa con suficiente adaptación á obra.

PUNTUACION: 12 puntos

Nemesio Ordoñez S.A. (Documento de 25 páxinas)

1. Faise un análise pormenorizado do eido de actuación.
2. Faise un análise pormenorizado dos servizos preexistentes e das posibles afeccións ó territorio.
3. Faise unha descrición técnica axeitada dos traballos a executar.
4. Describese a disposición dos elementos auxiliares de obra.

5. Faise un estudo pormenorizado do tránsito de persoas durante as obras, así como a sinalización correspondente.
6. Xustifícase a calidade dos materiais a empregar.
7. Xustifícanse a coherencia dos diagramas de Gantt e PERT
8. Xustifícanse suficientemente tanto os medios materiais como persoais asignados á obra.
9. Describense posibles problemáticas ou desviacións durante a execución.

Coa documentación aportada considérase que a oferta presenta un programa de traballo que presenta unha definición completa con suficiente adaptación á obra.

PUNTUACION: 12 puntos

Excavacións Agra Castro S.L._(Documento de 25 páxinas)

1. Faise un análise pormenorizado do eido de actuación.
2. Faise un análise pormenorizado dos servizos preexistentes e das posibles afeccións ó territorio.
3. Faise unha descrición técnica axeitada dos traballos a executar.
4. Describese a disposición dos elementos auxiliares de obra.
5. Faise un estudo pormenorizado do tránsito de persoas durante as obras, así como a sinalización correspondente.
6. Xustifícase a calidade dos materiais a empregar.
7. Xustifícanse a coherencia dos diagramas de Gantt e PERT
8. Xustifícanse suficientemente tanto os medios materiais como persoais asignados á obra.
9. Describense posibles problemáticas ou desviacións durante a execución.

Coa documentación aportada considérase que a oferta presenta un programa de traballo que presenta unha definición completa con suficiente adaptación á obra.

PUNTUACION: 12 puntos

RSC Galicia S.L._(Documento de 16 páxinas)

1. Faise un análise do eido de actuación. Non se aportan fotografías do estado actual do eido.
2. Non se fai un análise pormenorizado dos servizos preexistentes e das posibles afeccións ó territorio.
3. Faise unha descrición técnica axeitada dos traballos a executar.
4. Non se describe a disposición dos elementos auxiliares de obra.
5. Non se fai un estudo pormenorizado do tránsito de persoas durante as obras, así como a sinalización correspondente.
6. Non se xustifica a calidade dos materiais a empregar.
7. Xustifícanse a coherencia dos diagramas de Gantt e PERT
8. Xustifícanse suficientemente tanto os medios materiais como persoais asignados á obra.
9. Non se describen posibles problemáticas ou desviacións durante a execución.

Coa documentación aportada considérase que a oferta presenta un programa de traballo que presenta unha definición parcial con suficiente adaptación á obra.

PUNTUACION: 3,60 puntos

E para que conste ós efectos oportunos, asínase en Muros, en data 27 de maio de 2024.

Asdo. Pablo Castro Pais
Arquitecto 3149 COAG



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta que este prego ten o carácter de prego tipo que rexerá as obras tanto de Deputación como obras de concellos comprendidas en diversos plans a puntuación que figura nel parte das seguintes premisas:

De entre os criterios que se indican a continuación sinalarase a puntuación mínima e máxima que se outorga. Cando un criterio non se valore indicárase esta circunstancia.

1º. Para cada contrato específico o órgano de contratación indicará neste prego cal é a puntuación concreta do correspondente criterio de valoración, que se detallará no anexo núm. IV. II.

2º. En todo caso a puntuación atribuída por todos os criterios considerados deberá estar referida como máximo a 125 puntos e como mínimo a 80 puntos. Os criterios non avaliábles mediante fórmulas non poderán exceder do 25% do total de puntos (é dicir ata un máximo de 31,25 puntos), e os avaliábles mediante fórmulas do 75%.

FASE I

A) CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

a) Plan de control de calidade (cláusula 12 e 15) **ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 10 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (10 PÁXINAS)**

Valorarase:

- suficiencia do control de calidade na recepción de materiais en obra
- Idoneidade do plan de control de calidade proposto para a obra.
- Evitar duplicidades nos controis dos ensaios que vaia realizar a propia empresa e a administración.
- suficiencia do control de calidade nos procesos construtivos
- adecuación da estrutura técnico-administrativa responsable, na empresa e na obra

Abano: de 0 a 7 puntos

| CONTIDO. PONDERACIÓN | PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN % |
|---|----------------------------------|
| Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra | Ata 100% |
| Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra | Ata 65% |
| Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra | Ata 30% |
| Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra | 0% |



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

b) Programa de traballo (cláusula 12 e 15): ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 25 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (25 PÁXINAS)

Valorarase:

- análise correcta do ámbito de actuación
- análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas
- descrición técnica adecuada dos traballos que se van realizar
- disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, colectores, maquinaria, etc)
- circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra
- calidade suficiente dos materiais que se van empregar en obra
- coherencia dos diagramas de Gantt e PERT.
- adecuación dos medios humanos asignados á obra, por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares
- adecuación dos medios materiais asignados á obra por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares
- Descrición posibles problemáticas ou desviacións durante a execución

Abano: de 0 a 12 puntos

| CONTIDO. PONDERACIÓN | PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN % |
|--|----------------------------------|
| Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra | Ata 100% |
| Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra | Ata 65% |
| Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra | Ata 30% |
| Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra | 0% |